

## ACTIVIDADES DE ESO

Nome e apelidos do alumno		Curso: 4º
Quincena: 13	Materia: <b>Matemáticas Ensinanzas Académicas</b>	
Data	Profesor da materia:	

- Nunha bolsa hai nove bólas numeradas do 1 ao 9. Extráese unha bóla ao chou e mírase o número.
  - Escribe o espazo mostral.
  - Escribe os sucesos  $A = \{\text{saír maior ca cinco}\}$ ,  $B = \{\text{saír par}\}$ .
  - Escribe os sucesos contrarios aos anteriores.
- Dunha baralla de 40 cartas extráese unha carta, calcula a probabilidade de que sexa
  - de ouros
  - un rei
  - rei ou de ouros
- Extráense dúas cartas dunha baralla española de corenta, calcula a probabilidade de que sexan dous reis.
  - Con devolución
  - Sen devolución
- Tiramos un dado. Se sae múltiplo de 3, sacamos unha bóla dunha bolsa na que hai 5 bólas encarnadas e 3 verdes; se non sae múltiplo de tres, sacámola doutra bolsa na que hai 3 bólas encarnadas e 3 verdes. Cal é a probabilidade de que a bóla extraída sexa verde?